

LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

O 13 de xullo de 1936 e asasinado Calvo Sotelo , os conspiradores deciden que este e o momento de sublevarse.

O día 17 de xullo sublevanse os militares de Melilla , e se estende a rebelión polo resto da Península .

A sublevación nacional triunfa en Galicia , Castela e Leon, Navara e nas cidades de Sevilla , Cordoba ,Granada e Zaragoza.. O golpe foi un fracaso xa que non conseguiu triunfar en todos os lugares, ademais boa parte o exercito (dos 18 xenerais so se sublevaron 4) e as dúas gardas permaneceron fieis a Republica. .

En Madrid o goberno sentiuse impotente e entregou armas .Nas demais cidades importantes a reaccion da sociedade foi defender a Republica.

España queda dividida en dúas: uns republicanos e outros os nacionais que creían que o Glorioso Alzamento Nacional ía restablece-la orde e acabar cos inimigos do País :anarquistas , comunistas...

Para moitísimos españois unirse a un ou outro bando debeuse a unha cuestión xeográfica .

No comezo da guerra 1936

Na zona Republicana quedaran as zonas mineiras e industriais ,tamen quedou o Banco de España do que os Republicanos sacaron o ouro para comprar armas a URSS, tamen quedou a maioría da poboación . O exercito desta zona tivo unha clara desvantaxe pois o goberno ordenoulle os militares que non obedeceran os seus xefes , moitos soldados se foron para as súas casas . Se tiveron que crear as milicias populares que eran batallóns de partidos políticos e carecían de disciplina militar . Este bando estaba apoiado polas clases traballadoras e polo País Vasco e Cataluña(porque un dos obxectivos dos nacionais era eliminar as autonomías). O goberno seguía en Madrid e estaba presidido por Largo Caballero e o presidente da Republica era Manuel Azaña.

Pola contra o bando dos nacionais se sumaron 200 mil falanxistas e 63 mil carlistas moi ben disciplinados , este bando estaba apoiado polas clases altas e os campesinos medios .

Obxectivo Madrid (Outono 1936)

Segundo o plano previsto as tropas de Mola desde o norte e de Franco dende o sur se atoparían en Madrid para conquistar a capital. O plano fracasou xa que o pobo de Madrid detivo a Mola nas serras próximas a Madrid. E Franco quedouse illado en Marrocos ata o día 20 de xullo cando os avións alemáns e italianos trasladan a lexionarios e regulares ata Sevilla e Xerez da Fronteira . E ata o 5 de agosto non logra cruzar o estreito o groso das forzas , xa que a flota permaneceu fiel a republica aínda que non conseguiu pecharlle o paso a Franco .Este sube por Extremadura e xunta as súas tropas as de Mola unen así as dúas zonas nacionais .Franco se retrasa un pouco porque ten que ir liberar o Alcazar de Toledo onde se refúxian os nacionais de esas cidades ante o asedio dos republicanos , este tempo revé para que a defensa de Madrid se organice para soportar-lo asedio.

O exercito de Mola , desde Navarra e Alava , logra conquistar Irun e San Sebastián co que a zona do norte queda illada e coa fronteira francesa pechada.

As tropas de Franco chegan as portas de Madrid pero na cidade xa estaban as milicias doutros puntos de España , as primeiras brigadas internacionais e a axuda militar soviética para defender-la capital da republica

.Ali formouse unha xunta de defensa presidida por Miaja. O goberno temendo ser capturado trasládase a Valencia. Madrid resiste e a fronte estabilízase . vaíse pasar de unha guerra de movementos a unha de trincheiras .ali faise patente a axuda internacional a ambos bandos .

O 29 de setembro os xenerais sublevados deciden nomear o xeneral Franco como xefe de goberno do estado español e xeneralísimo das forzas nacionais de terra ,mar e aire .

Batallas arredor de Madrid (1937)

BATALLA DO JARAMA :En febreiro de 1937 franco decidiu rodear Madrid polo sur , polo Val do río Jarama , tratando de incomunicala o corta-la estrada de Valencia . Tras 12 días de furiosos combates non se chegou a ningunha solución clara , houbo moitisimas baixas de cada bando , tiveron especial importancia as brigadas internacionais. Sobre o ceo de Madrid houbo moitos combates aéreos .

BATALLA DE GUADALAXARA antes do inicio da guerra algúns monárquicos contactaron coa Italia fascista para obter os medios necesarios para derrubar-la república . en 1937 Mussolini envía abundante material de guerra e o corpo de truppe voluntarie.foron empregados na conquista de Malaga . Franco volveu intentar rodear Madrid polo norte , por Guadalaxara .crebaron a fronte pero o xeneral Rojo iniciou a contraofensiva co exército republicano organizado en brigadas mixtas , os italianos retiráronse en desbandada deixando abundantes mortos . o éxito tivo un grande efecto propagandístico .

BATALLA DE BRUNETE E BELCHITE: Tralos fracasos de Jarama e Guadalaxara ,Franco decidiu conquistar outros territorios da república . Tralo bombardeo de Guernika caeu Bilbao en xuño, o estatuto de autonomía foi suprimido .O seguinte obxectivo dos nacionais era Santander . Negrín presidente do goberno republicano decidiu atacar por sorpresa Brunete para aliviar a presión sobre a fronte norte , a batalla de Brunete tamen acabou sen un vencedor . o mes seguinte caeu Santander en mans dos nacionais.

O xeneral Miaja ordenou atacar en Belchite tratando de paralizar-la ofensiva nacionalista sobre Asturias e conquistar Zaragoza, non se logrou ningún dos obxectivos desapareceu a fronte norte

A fronte do leste e o final da guerra (1938–1939)

A república ordenoulle o xeneral Rojo que iniciase unha ofensiva de distracción sobre Teruel a cidade rendeu o 8 de xaneiro de 1938por primeira vez na guerra os republicanos conseguiran conquistar unha capital de provincia aínda que pronto a perderon pola contraofensiva dos nacionais .desde o saque de Teruel os nacionais trataron de alcanzar o mediterráneo así desta maneira cortaron a república en dúas , por un lado Madrid e por outro Valencia e Cataluña , cegaron a Vinaroz para despois continuar avanzando ata Valencia no mes de xuño tomaron Castellón. A república tratou de impedir-lo avance sobre Valencia montando a maior ofensiva de toda a guerra : a batalla do Ebro .

BATALLA DO EBRO: o obxectivo táctico era cruzalo Ebro e envolver pola retagarda os exércitos nacionais , a ofensiva colleu por sorpresa o exército rebelde pero a semana de batalla o exército republicano quedou cravado no terreo , entón comezou unha batalla de posicións de ataques e de contraataques que produciu unha enorme carnicería nos dous bandos .

Franco atacou Cataluña que foi conquistada en dous meses entrando en Barcelona en xaneiro de 1939, o estatuto de autonomía foi suprimido.

A finais de febreiro de 1939 Azaña dimite de presidente da república e Negrín faga mesmo en marzo.exiliábase en Francia .

En Madrid , o coronel Casado o xeneral Miaja e outros militares crearon un consello de defensa nacional

descontentos coa influencia que tiñan os comunistas no exercito.asi xurdiu un goberno paralelo o da republica que tiña como obxectivo negociar a paz con certas garantías para os vencidos , Franco negouse e pediu a rendición incondicional .

As tropas reveldes lexitimadas pola victoria militar entraron en Madrid o 28 de marzo de 1939 , catro dias despois Franco anunciou o final da guerra.

A intervención estranxeira ou a prolongación da agonía

Sen a masiva axuda estranxeira a guerra non duraria tanto. Francia ,Gran Bretaña e 30 paises mais crearon un comité de non intervención . As mariñas británicas, francesa, italiana e alemana controlarian unha zona marítima cada unha para que non entrase material de guerra. Francia e Portugal pecharian as súas fronteiras.

ESPAÑA REPUBLICANA: recibiu axuda da URSS e en menor cantidade de Francia e México. A axuda humanitaria chegou a traves das brigadas internacionais , moitos deles canalizados por partidos comunistas europeos que viñeron a españa a loitar contra a propagación do totalitarismo.

A base de adestramento foi Albacete . Distribuíronse en 6 brigadas que adoitaban agrupa-los soldados de cada pais.

ESPAÑA SUBLEVADA: o bando sublevado recibiu axuda de Italia e Alemaña de forma masiva e pagadoira en peles e minerais.

Alemaña enviou a sua Lexion Condor

Italia os soldados do Corpo di Truppe Volontaire.

Portugal os Viriatos.

Irlanda a Lexion de San Patricio .

As cantidades de material que recibiu cada bando varian moito segundo os autoresainda que a axuda da URSS foi menor en cantidade e calidade.

A España Republicana : guerra e revolucion social

No bando republicano o poder dos partidos ,dos sindicatos era tan grande que nunca conseguiu a unidade. A presenza de reveldes as portas de Madrid fixo necesario a creación de un goberno de concentración. Azaña presidente da republica e Largo caballero do goberno..

No bando republicano partidos e sindicatos propuxeron duas cuestiones ¿era mais importante gaña-la guerra ou face-la revolucion? Os anarquistas e o POUM consideraron que chegara momento de face-la revolucion social, colectivizaronse algunhas empresas e tamen algunhas terras.

Outros consideraban que se non se gañaba se ian perder todos os logros da republica , iso pensaban os comunistas que preferían deixar unha colectivización para mais adiante o que os enfrontou os anarquistas.

A unica potencia que apoiaba a republica era a URSS a que estaba ligado o PCE.

A presión comunista obriga a dimitir a largo caballero (maio 1937) e e nomeado novo presidente Juan Negrin a influencia dos comunistas medrou no goberno. Negrin considerou que era vital resistir pois semellaba que se avexiñaba unha nova guerra mundial e as potencias democráticas se enfrontarian as fascistas, axudarian e

salvarían a República, Negrín equivocouse por cinco meses , xa que en setembro de 1939 comezaría segunda guerra mundial.

A España Nacional: guerra e contrarrevolución

O fracaso inicial da sublevación fixo ver os militares a necesidade de establecer un goberno na zona dominada por eles , Franco recibiu nas súas mans todos os poderes. O exército ,a igrexa e a falanxe serían os piares fundamentais.

- O exército recupera o protagonismo que a república lle quitara.
- A igrexa recuperou todos os privilexios e o estado declarábase confesional católico.

Foron suprimidas todas as reformas e a lexislación socio laboral republicana e eliminados os partidos e sindicatos.

Había un partido único , o Movemento, do que Franco sería nomeado xefe nacional e que ideoloxicamente se apoiara nas ideas fascistas da falanxe e no conservadurismo católico carlista. O remate da guerra 650 mil españois estaban afiliados a Falanxe xa que posuían carne de fidelidade o rexime, ademais para acceder a calquera posto de traballo na administración era imprescindible.

En 1938 promulgase o Fuero do traballo ,ideais de Jose Antonio primo de rivera . España sería un estado nacional sindicalista, e os seus piares serían familia, concello e sindicato vertical.

Os desastres da guerra

É difícil saberlo número de vítimas. O recuento varía desde 1 millón os 300 mil , segundo a quen se inclúa na estatística.

- Mortos e desaparecidos en combate directo, uns 150 mil mortos e 400 mil feridos.
- Execucións dos militares que apoiaron ou non o levantamento. Case 3 mil.
- Mortes por represión na retagarda de ambos os bandos, dos líderes políticos ou sindicais, simpatizante de unha ou outra causa os paseos. Nos catro primeiros meses da guerra resultou o período onde se cometeron os maiores excesos represivos. No bando republicano foron resultado de odios de clase , de miera e de incultura. No bando rebelde a represión estivo máis controlada e dirixida polas autoridades golpistas. Calculase que os mortos pola represión foron 150 mil.
- Mortos polos bombardeos nas cidades.
- Mortos de fame ou enfermidades.
- Executados trala guerra civil e ata os anos 50.
- Mortos nos cárceres franquistas.
- Non nados durante o conflito.
- Exiliados despois da guerra.

O FRANQUISMO EMREXENTE(1939–1959)

Os fundamentos do novo rexime

Mostran a oposición o sistema republicano e as simpatías cos reximes fascistas europeos . A configuración do rexime de franco váise realizando cunha continua remodelación , moi influída polos acontecementos internacionais . Algúns elementos son constantes durante toda a dictadura .

- Carecter personalista d dictadura
- Rexeitamento do sistema parlamentario

- Defensa do tradicionalismo español

Este poder personal contaba co apoio institucional, ideoloxía e social.

No plano institucional:

- O exercito e a igrexa son fieis aliados o rexime a súa ideoloxía anticomunistas centralista e dureza no mantemento da orde pública. Interviran moi directamente nas institucións, educación, censura ...
- A Falanxe proporcionou o principal arsenal ideolóxico. Pero desde o Decreto de Unificación a Falanxe foise diluindo no Movemento.
- Os monárquicos estaban divididos en dúas tendencias :
 - Carlistas, tradicionalismo católico e conservador recibiron importantes cargos públicos
 - Donjuanistas , Tivéron unha relación difícil polas ideas de Don Xoán.

No plano social contouse co apoio da terratenencia e dos grupos financeiros e industriais.

Por unha lei de agosto de 1939 Franco podía promulgar leis ou decretos , sen necesidade de consultar co Consello de Ministros.

O franquismo durante a segunda guerra mundial

En agosto de 1939 formouse o segundo goberno de Franco que perdurara ata 1945, composto esencialmente por militares .Existe unha vontade de crear un estado fascista, promulganse leis para a represión da oposición con efectos retroactivos e organizábase tanto os sindicatos verticais como organizacións xuvenís .

Creábase as cortes como órgano consultorio .

Mantívose a amizade coas potencias do eixe (1939 o pacto Anti-Komintern)no estala segunda guerra mundial España declarábase neutral.

En xuño de 1940, cos alemáns en París e a recente intervención italiana Franco reconsidera a postura e o día 13 de xuño de 1940 deuse a declaración de non belixerancia .Comezaron entón unhas negociacións entre os gobernos alemán e español para a concreta-las condicións de entrada de España na guerra . As conversacións quedaron en punto morto , a espera de unha conferencia que celebraron Hitler e Franco o 23 de outubro de 1940 e Hendaia, Franco asinou un protocolo secreto polo que se comprometía a entrar na guerra en data non definida. En 1941 a evidencia dunha guerra longa vai confirmando a negativa española. A colaboración materializábase contra un país o que se culpabilizaba da nosa guerra , así que decidiu enviar a División Azul a fronte Rusa.

En 1943 a vitoria alemá era cada vez máis improbable . o goberno español cambiou o discurso e empezou a proclamar-la vinculación co Vaticano e a denuncia-lo comunismo. O 1 de outubro de 1943 volvíase a neutralidade.

España no contexto internacional da guerra fría

En xuño de 1945 vetábase o ingreso de España na ONU, en agosto ,Stalin , Truman e Atlee condenaban o rexime español na conferencia de Postdam. O ano seguinte Francia pechaba a súa fronteira con España, e os embaixadores de case todos os países se retiraron de España, entón o goberno de Franco decidiu retirar toda a parafernalia franquista do rexime. Tamen intentouse con certo éxito unha aproximación cara a algúns países Hispanoamericanos e Árabes.

En 1947 o representante estadounidense na ONU negouse a ratificar a condena sobre o rexime español, naquel país os argumentos militares comezaron a ter un maior peso, Franco ofreceulle a posibilidade de asentar bases militares no noso territorio, ademais os británicos asinaron un acordo comercial e o ano seguinte os franceses abriron de novo as súas fronteiras. A ONU levantoulle o veto ao rexime español, o que permitiu o regreso dos embaixadores. Pouco despois se normalizan as relacións diplomáticas entre España e EEUU e en 1953 asinabase o plan de axudas (plan Marshall). O mes anterior asinabase un concordato co Vaticano. En 1955 España foi admitida na ONU iniciábase unha liberalización económica, diso encargouse o ministro de asuntos exteriores Fernando María Castiella que conseguira o apoio dos organismos internacionais.

O progresivo abandono do aparello fascista

En xullo de 1945 promulgase o fuero dos españois, que lle concedía uns dereitos aos cidadáns que non podían coar cos principios do estado. Constituíuse un novo goberno con ministros de procedencia católica, comeza así a etapa do nacionalcatolicismo de corte tradicionalista. As crecentes presións dos monárquicos dificultou as relacións entre Franco e don Xoán de Borbón, especialmente tensas desde o Manifesto de Lausana (1945) en 194 as cortes aprobaron a le de Sucesión polo que Franco inclinábase por unha monarquía no futuro.

Na década dos 50 comezou a diminuír a influencia da Falanxe.

Comeza unha etapa de expansión industrial.

En 1951 formase un novo goberno. Carrero Blanco aparece como Ministro Subsecretario de Presidencia.

En 1957 Franco fai unha importante renovación ministerial. Xurdirán figuras vinculadas ao Opus Dei, supoñen o comezo do predominio dos tecnócratas. Este novo goberno promulga leis que regulan a actuación do poder político tamén aparece a Lei de Principios do Movemento Nacional (1958) na que aparecen os principios básicos do franquismo, afastándose do totalitarismo. O estado queda definido coma monárquico, tradicional e católico.

A economía española na década dos corenta

Rematada a guerra civil impulsouse unha política económica autárquica.

En toda a década estivo por baixo dos índices de renda e produción anteriores a guerra, houbo problemas de abastecemento e en 1939 xurdiron as cartillas de racionamento, tamén aparece un mercado negro e o estraperlo.

Política Agraria: iniciábase un proceso de ruralización se devolve parte das terras expropiadas, crease o Instituto Nacional de Colonización.

Política industrial: a guerra civil supuso un parón no desenvolvemento industrial do país. A lexislación proteccionista crea o Instituto Nacional de Industria.

O comercio exterior: tratou de abastecer o país daqueles produtores que ecasaban no interior.

Cara a liberalización económica

Na década dos cincuenta comeza unha progresiva liberalización. Nos momentos de maior expansión folguista prodúcense movementos folguísticos..

O cambio de coxuntura internacional a guerra fría convertera España nun aliado dos EEUU. O congreso Americano acordaba en 1951 a concesión dunha primeira axuda o que permitiu ir eliminando o racionamento e a desaparición do mercado negro. Tamen se empezou a liberar dende o interior. O cambio dos tecnócratas foi moi decisivo. España introduciuse en organismos internacionais.

A década dos cincuenta supón o comezo dun despego económico cun forte crecemento de renda anual e importantes cambios na política económica, suprimíronse o racionamento e diminuíronse a intervenciónismo estatal.

A sociedade española durante a etapa de utarquía

A guerra civil deixou unha España de vencedores e derrotados primeiros co todo tipo de privilexios e os segundos arrecantados socialmente. A sociedade quedou dirixida por uns principios altamente tradicionalistas. No ensino prohibíuse a coeducación a partir do parvulario unha educación marcadamente autoritaria.

A familia o papel da muller quedaba definido no fogar, como esposa e nai, para o mantemento destes principios creouse a sección feminina.

Para a formación ideolóxica dos mozos creouse a Fronte de xuventudes

O estado era quen regulaba toda actuación a través das maxistraturas de traballo. Suprimíuse toda marca de sindicalismo, no seu lugar apareceron os sindicatos verticais.

A folga quedaba prohibida.

O rexime promoveu unha lexislación a favor do traballador que concluíu con establecemento do seguro de enfermidade en 1943.

O longo destas dúas décadas observábase unha progresiva emigración do campo á cidade.

As situacións de pobreza estenderonse os salarios medraron polo abaixo dos prezos e o consumo reduciuse.

Unha cultura controlada polo poder

A política do rexime fixo que a censura afectase a todas as actividades intelectuais e medios de comunicación.

As principais formas de evasión eran o cine o fútbol e os touros.

A sociedade empezou a experimentar algun cambio coa eclosión turística.

O rexime promoveu un divorcio entre a intelectualidade e a sociedade.

A CONSOLIDACIÓN DO FRANQUISMO

O plano de estabilización

O novo goberno de 1957 comezou a aplicar unha serie de medidas liberalizadoras.

Os organismos internacionais nos que España quería integrarse (OECD, FMI) promoveron a

necesidade duna nova orientación económica a finais de 1959. Co visto e prace e maila axuda financeira de ambos os organismos permitiu a publicación dun Decreto-lei de nova organización económica .

Este perseguía dous obxectivos :establécenas bases para o desenvolvemento económico equilibrado e buscar unha maior integración da economía española cos países do mundo occidental. As medidas fiscais e monetarias debían logralo equilibrio interior , freando a demanda, estabilizándose os prezos e reducindo as importacións. A liberalización das importacións de capital permitiron abrialas portas o investimento estranxeiro.

O plano de estabilización sentou as bases para o crecemento da economía española nos anos setenta. Os seus efectos foron positivos :redución da demanda interna de inflación , estabilidade dos prezos e saneamento do sector exterior .Produciuse inicialmente unha restricción da actividade económica .

Moita emigración cara Europa.

A chegada de capital exterior e o efecto na nosa economía do boom europeo explican o crecemento da economía española durante esta década .

A planificación indicativa:os planos de desenvolvemento

A industria experimentou un importante crecemento e transformacións nesta década .En 1962 crease a Comisaría do Plano de Desenvolvemento. Polo modelo de planificación indicativa, pretendía programalo crecemento da economía impulsando os polos de desenvolvemento e polígonos industriais. Os dous primeiros planos de desenvolvemento executáronse durante os anos 1964-67(alta inflación, obrigou a poñer medidas estabilizadoras) e 1968-71(mellorou a balanza comercial).Os planos non reduciron os desequilibrios sociais ou interrexionais.

No sector exterior cuadruplicáronse o valor das importacións .As exportacións seguiron un ritmo de crecemento paralelo polo que se mantivo o déficit na balanza comercial.

A balanza de pagamentos foi normalmente positiva polo ingresos do turismo, emigrantes que mandan o diñeiro e o investimento de capital estranxeiro en España.

Un desenvolvemento con fortes desequilibrios

No ano 1970 atopamos unha caída do sector primario respecto decenios anteriores ademais vemos un crecemento da industria e un descenso da agricultura . Subiu a porcentaxe de mulleres traballadoras.

Mais de 3 millóns de persoas desplazáronse cara as zonas industriais españolas e tamén cara o exterior.Os emigrantes fuxían do subemprego e baixos niveis de renda agrarios , en busca de un salario fixo .

As porcentaxes máis altas de emigración danas as provincias extremeñas algunhas andaluzas, castelas, do interior de Galicia ou de Aragón. As causas son os desequilibrios tan grandes que sofre o país e a continua caída das rentas agrarias.

Unha sociedade en transformación

Factores que promoven o cambio social:

- ♦ turismo actuou de revulsivo xa que traía novos costumes e modas de verán que que

desprazaban o tradicional recato imperantetamen trasformou a paixase costeira .

- ◆ Os medios de comunicación como a televisión que inicia as suas emisións en 1958.
- ◆ Os emigrantes tamen contribuíron a este cambio social o coñece-lo funcionamento e mailo desenvolvemento das sociedades democráticas occidentais. Tamen comezou a ser máis frecuente a saída dos españois o exterior.

Paralelamente a sociedade española experimentaba un proceso de secularización. Os cambios producidos na igrexa facilitaron a transformación da sociedade española. Aímban cambios achegándose a sectores obreiros e apoio a certas reivindicacións sociais vinculadas a movementos nacionalistas... Pero mostrábase unha ostilidade cara o divorcio, planificación da natalidade...

O rexime institucionalízase

Os cambios profundos na sociedade española volvían imponer un novo cambio de imaxe no rexime. En 1964, presentábase a Franco como o Caudillo da paz , máis que como militar vencedor. A filosofía do desenvolvemento e do benestar converteuse no eixe central que lexitimaba o franquismo tanto fóra como dentro de España.

O rexime totalitario daba paso pluralismo (sempre dentro do rexime). O estado nacional sindicalista e substituído pola democracia orgánica (Segundo isto a representividade non se achega os cidadáns senon os órganos de Estado: familia, sindicato e concello. O sufraxio era restrinxido e elixíanse unha parte os procuradores, rexeitándose así unha democracia plena e a existencia de partidos políticos) . Nunca tivo credibilidade tanto polo control como pola represión exercida:

- ◆ Represión folgas mineiría asturiana 1962–63.
- ◆ Creación do Tribunal de Orde Pública (TOP) tiña como finalidade xulgar os delitos de carácter político.
- ◆ Mostrouse incapaz de aceptar a menor crítica. Contubernio de Múnic (1962)

O cambio de goberno comeza en 1957, se consolidou na década dos sesenta , sobre todo no goberno xurdido en 1965. Este pretendía dotalo rexime duna lexislación pseudo constitucional que viñese se-lo sustento da democracia orgánica. Non implica o abandono duna dictadura de carácter persoal. Observábase nese goberno unha marxina a Falanxe. Os máis Tradicionalistas van ir configurando o bunker (O seu principal obxectivo era poñerlle freo a calquera tipo de apertura. Por outro lado consolidábase o sector liderado por Carrero Blanco , vinculados o Opus Dei e que defendían unha vía tecnócrata liberalización económica.

Despregue lexislativo en busca da normalización exterior

O goberno en 1965 dá os pasos máis destacados para a institucionalización do rexime.

- Lei de Prensa aprobada 1966 impulsada por Manuel Fraga , tomanse medidas para favorecer a dinámica editorial.
- Lei Orgánica do Estado pseudoconstitucional remontase o goberno xurdido en 1962 pero non é ata 1967 cando se promulga. Era a resposta a necesidade de modernizar o país , ante a vontade do ingreso na CEE, e de adecuar a lexislación os presupostos de do Concilio Vaticano II, pois a igrexa manifestaba a ausencia de liberdades . Así, creábase nas cortes un terceiro sector de procuradores que teñen unha elección moi restrinxida. Con esta lei o rexime desemboca nunha monarquía do Movemento Nacional, en xullo de 1969 as Cortes aceptan como sucesor de Franco , na Xefatura do Estado , a Xoán Carlos de Borbón.

A política exterior durante estes anos é levada a cabo por Castiella, o principal obxectivo é a normalización das relacións internacionais:

- Xibraltar en 1957 leouse o asunto a ONU, resolveuse o preito a favor de España e a descolonización do pedron .Anegativa británica freou a descolonización.
- España solicita en 1962 asociarse a CEE pero o carácter dictatorial do Rexime facíano incompatible cos principios do Tratado de Roma 1957.

A OPOSICIÓN E O DECLIBE DO REXIME

Duas décadas críticas par a oposición democrática

A represión o final da guerra e as elevadas cifras de exiliados dificultaron a reconstrucción da oposición dentro de país. Ata 1945 a actuación da oposición é mínima , pero o rematar a II guerra Mundial a esperanza dunha posible restauración democrática renace , en México chegábase a restablecer as institucións republicanas.

A guerrilla foi a actuación máis destacada dos anos corenta. Patrocinada polo PCE. Nos seus inicios produciu un ataque guerrilleiro no Val do Aran , trala liberación de Francia en 1944. Despois estendeuse por zonas montañosas pero non pasou de promover accións illadas.

Nos anos 50 a desaparición da guerrilla e o comezo do recoñecemento internacional do franquismo é un difícil momento para a oposición. A oposición monárquica é a que semella ter maiores posibilidades.

En 1958 crease a Fronte de Liberación Popular, organización de esquerda. O PSOE e a UXT pasaron por momentos moi críticos. O PCE renova a súa dirección e promíe unha actitude de reconciliación nacional e a formación dunha fronte antifranquista.

En 1961 constitúese a Unión de Forzas Democráticas que agrupaba a varios partidos de esquerda e sindicatos.

A oposición trala reunión de Munich de 1962

En 1962 coincidindo coa reunión do IV Congreso do Movemento Europeo promoveuse a reunión en Múnic de representantes da oposición tanto do interior coma do exterior de España .

- ◆ Tras esta reunión o rexime de Franco intensificou a represión (execución do dirixente comunista Julian Grimau , en 1963)
- ◆ Xeneralización da protesta estudiantil. En 1966 constitúese o Sindicato Democrático de Estudiantes en Barcelona, dando o golpe definitivo o SEU de inspiración falanxista. Os anos que seguiron o maio francés de 1968 foron de axitación continua.
- ◆ Sube a conflictividade laboral, iso explicase en parte pola flexibilización da lexislación e porque se intentou penetrar nos sindicatos oficiais. Comisiones Obreras obteñen en 1966 un importante éxito nas eleccións sindicais.
- ◆ Cambio de actitude na Igrexa Católica. Nos anos sesenta son varias as manifestacións contra o rexime en sectores eclesiásticos.

No País vasco , unha escisión do PNV crea en 1959 ETA na súa primeira Asamblea (1962) autodefiníase como Movemento Revolucionario de Liberación Nacional, en 1964 establece o principio de guerra revolucionaria . En 1968, tralo asasinato do xefe de policía de San Sebastián , o goberno restablece o decreto-lei sobre a represión de bandadaxe e o terrorismo , pasando a xurisdición militar calquera delito socio-político.

A oposición medrou ante as medidas represivas do goberno.

A comezos dos anos setenta a oposición recibira novos estimulos nun momento no que o rexime empeza a mostrar síntomas de egotamento.

Carrero Blanco e o fracaso aperturista

A crecente tensión entre as distintas forzas políticas estalran a finais da década dos 60 debido o escándalo Matesa, empresa de maquinaria textil que se beneficiara de importantes créditos oficiais. O resultado foi unha depuración ministerial na que ademais caeron ministros dese sector (Fraga, Solís, Castiella) e formouse un goberno monocolor configurado por procedentes da falanxe, presentaba o dominio de Carrero Blanco e López Rodó triunfo desta tendencia aínda que se lle escapara o control efectivo a moitas das institucións do rexime.

Carrero pretendía introducir unha dinámica aperturista o obxectivo era despois das tensións internas do rexime .

Actuacións emprendidas :

- ◆ Lei Sindical (1971)
- ◆ Relanzamento da economía
- ◆ Acordo preferencial coa CEE
- ◆ Relacións diplomáticas con China e coa República Democrática Alemana.
- ◆ Lei de educación de Villar Palasi (1970)

Houbo un cambio de goberno en 1973 e por primeira vez desde 1936 Franco só ía ter a Xefatura do Estado porque a Xefatura do Goberno ía pasarlle a Carrero Blanco. Supo un novo xiro conservador.

Comezou o estudo do asociacionismo político ante o estancamento gobernal que se chegara , no mes de outubro presentábase un proxecto de Lei.

Carrero Blanco sofre un atentado de ETA o 20 de decembro de 1973 (Operación Ogro)

O goberno de Arias e a crise económica

En xaneiro de 1974 Franco nomeou presidente do goberno a Carlos Arias Navarro . Pretendeu dar unha maxe e ruptura coa etapa de Carrero Blanco. Arias propuso un desenvolvemento político , en febreiro de 1974 adoptou unha vía aperturista o declarouse partidario de certa reforma da aprobación dun estatuto de Asociacións Políticas (aprobado 12 febreiro) Foi aprobada o 21 de decembro , aínda que era case imposible de rexistrar asociacións.

No seo do rexime era cada vez máis frecuente unha reforma constitucional . O príncipe herdeiro quedaba totalmente marxiñado da vida política.

Outros dos grandes problemas que se lle presentou a o goberno de Arias foi a crise económica . Coa crise do petróleo moitos dos problemas anteriores van aflorar cunha grande virulencia, motivadas pola elevación dos prezos das materias primas e fontes de riqueza e a forte competencia que introducen no mercado internacional os novos países industrializados de extremo oriente.

Nun primeiro momento tratouse de frear as consecuencias pero na primavera de 1975 vanse tomar medidas máis realistas.

O final do franquismo

Nos dous ultimos anos (1973–75) houbo unha grande actividade folguista e unha notoria escalada terrorista. A influencia reformista chegou o exercito, descubrindose unha organización democrática UMD sendo detidos os seus principais dirixentes. Malas relacións coa igrexa.

E abril de 1975 declárase o estado de excepción no País Vasco e hobo entre finais de agosto e setembro catro consellos de guerra e 11 persoas foron condenadas a morte, das que 6 foron indultados. O réxime só soubo responder convocando unha manifestación de adhesión a Franco.

O 20 de novembro de 1975 falece Franco.